

## **RESOLUCIÓN DA XERENCIA POLA QUE SE APROBA O PLAN DE FORMACIÓN DE PERSOAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA 2025**

### ANTECEDENTES

1. O Regulamento do Centro de Formación de Persoal, aprobado no Consello de Goberno do 25/10/2024, e publicado no Taboleiro da Sede Electrónica da USC o 29/11/2024, en <https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/verAnuncioPublicable/134225/carga.htm>, establece no seu artigo 11 que a formación do persoal da USC se desenvolverá a través de plan de formación para o período dun ano. Tamén establece que o dito plan de formación será elaborado polo Centro de Formación de Persoal, que contará co informe do Consello Asesor de Formación de Persoal e coa aprobación por resolución da Xerencia, da cal se dará conta ao Consello de Goberno. E que finalmente será difundido e publicado.
2. O Centro de Formación de Persoal presentou a proposta de Plan de Formación de Persoal para 2025 no Consello Asesor de Formación de Persoal na reunión que mantivo o pasado 5 de marzo de 2025, na cal o Consello Asesor deulle a súa conformidade ao Plan presentado.

De acordo co indicado, adopto a seguinte

### RESOLUCIÓN

Aprobar o Plan de Formación de Persoal da USC 2025 que se presenta como anexo.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O xerente,

Antonio Javier Ferreira Fernández

**ANEXO:**

**Plan de Formación de Persoal da USC  
2025**



## Plan de Formación de Persoal 2025

CENTRO DE FORMACIÓN DE PERSOAL

[cfp@usc.gal](mailto:cfp@usc.gal)

## 1. OBXECTIVOS DO PLAN DE FORMACIÓN DE PERSOAL 2025

O deseño do Plan de formación de persoal da USC para 2025 responde aos seguintes obxectivos:

1. Contribuír ao cumprimento das liñas estratéxicas e de actuación de diversos documentos da USC no que se refire á formación:

- [Programación plurianual](#)
- [Plan de Internacionalización 2024-2026](#)
- [Estratexia de formación da USC 2023-2026](#)
- [Plan de accións de normalización lingüística para o período 2024-2026](#)

Destes documentos dedúcese o valor estratéxico da adquisición de competencias e, por tanto, da formación en:

- a. Competencias dixitais e en transformación dixital da docencia
  - b. Igualdade
  - c. Ciencia aberta
  - d. Seguridade da información e protección de datos
  - e. Comunicación e imaxe institucional
  - f. Idiomas e interculturalidade
  - g. Proxectos europeos
2. Contribuír ao cumprimento das seguintes accións das [Liñas xerais do orzamento 2025](#):
- a. Programa de reforma administrativa para alixear a sobrecarga burocrática e establecer fluxos de traballo e ferramentas informáticas eficaces de apoio á docencia, á investigación e á transferencia.
  - b. Continuación dos procesos de reforma da Relación de Postos de Traballo (área de Economía, Investigación e outras).
  - c. Mantemento das políticas de renovación xeracional de PDI e de fomento de iniciación da carreira investigadora.
  - d. Avance na implantación do programa Docentia, para que sexa efectiva a partir do curso 2025-2026.
  - e. Novo impulso á promoción da vida activa e saudable entre a comunidade universitaria.
  - f. Formación e implementación de iniciativas COIL.
  - g. Programa da BUSC de formación en competencias informacionais na contorna dixital.
  - h. Potenciación da visibilidade da produción científica institucional a través do repositorio Minerva e a sistematización dos datos no portal de Investigación.
  - i. Afondamento no proceso de descentralización da xestión da investigación aos centros mais consolidados, coa coordinación desde as estruturas centrais. Formación especializada para os centros da Rede CIGUS e para as estruturas de investigación.
  - j. Impulso da creación de iniciativas multidisciplinares de transferencia e emprendemento baseadas na tecnoloxía e na intelixencia artificial.
  - k. Reforzo da comunicación interna e formalización dos cambios na comunicación ligados á renovación do sitio web e ás redes sociais.

Por outra banda, as Liñas xerais do orzamento 2025 tamén establecen unha serie de obxectivos concretos relacionados coa propia formación de persoal:

- a. Consolidar o programa formativo de dirección e liderado.
  - b. Iniciar o programa formativo de Acollida para o PTXAS.
  - c. Abrir novas tipoloxías de actividades formativas (mentoraxe, laboratorios de innovación...) que favorezan o aproveitamento do capital intelectual da organización, especialmente diante do reto das xubilacións masivas.
  - d. Iniciar o programa de formador/a de formadores/as.
  - e. Mellorar a calidade da oferta na modalidade de autoformación.
  - f. Garantir o acceso á formación en todos os ámbitos, especialmente na aprendizaxe de idiomas, en igualdade de condicións para todo o persoal.
3. Responder á necesidade de manter selos e acreditacións de unidades e centros, ou de fornecer e manter a capacitación do persoal para ocupar determinados postos:
- a. Selo HRS4R ou Estratexia de recursos humanos para o persoal investigador
  - b. Capacitación para traballar con animais de experimentación para o persoal de apoio á investigación e PDI
  - c. ISO 9001 para o Servizo de Publicacións
  - d. Formación obrigatoria en prevención de riscos laborais para determinados postos
  - e. Área de Deportes (carné produtos fitosanitarios)
4. Atender as necesidades formativas detectadas a través do proceso participativo.

Por vez primeira, ademais de consultar as direccións das diversas áreas da Xerencia e as xefaturas de unidades e direccións de servizos, referidas á formación do PTXAS, a consulta referiuse tamén á formación do PDI e do PI, a través de formularios de FORMS dirixidos aos decanatos dos centros e ás direccións de centros e institutos de investigación.

Participaron catro membros das áreas directivas da Xerencia, os decanatos de 25 centros docentes, responsables de sete centros de investigación e de 65 unidades de administración, xestión e servizos.

Recibíronse 125 propostas das xefaturas de servizos e unidades referidas á formación do PTXAS, que unha vez analizadas resultaron ser 135, ás que cómpre sumar 7 máis procedentes das áreas directivas da Xerencia. Así mesmo, recibíronse 64 propostas sobre formación do PDI e 19 verbo da do PI. Moitas delas repítense ou son moi similares.

Para escolmalas manexáronse os seguintes criterios:

- Contribuír a resolver as necesidades máis urxentes, relacionadas coa formación necesaria para o desempeño do posto de traballo.
- Atender as necesidades de formación máis transversal, de xeito que beneficien a maior cantidade e diversidade posible de servizos, unidades e centros, así como de persoal.
- Ofrecer formación para os diversos programas, itinerarios e áreas temáticas da Estratexia de Formación.
- Racionalizar a oferta, dotando de coherencia e estabilidade a formación básica en certas competencias que son necesarias masivamente, así como, ao mesmo tempo, ofrecer

formación novidosa. E todo isto, tratando de aproveitar complementariamente a oferta formativa da EGAP para o PTXAS.

Das 225 propostas recibidas en total, 126 van ser atendidas dalgún xeito no Plan de Formación deste ano para o PTXAS, 74 para o PDI e 12 para o PI. As restantes, consideráronse ou ben non prioritarias, ou ben similares a cursos da EGAP ou encarreirables a través de accións de formación externa (no caso do PTXAS), ou asumibles a través de accións de formación a demanda, no caso do PDI e PI.

## 2. O PLAN DE FORMACIÓN

Como resultado, propónse un plan con **222** accións formativas (só se contabiliza unha edición), que supoñen unhas 2.339 horas, estruturadas arredor dos sete programas formativos establecidos na Estratexia 2023-2026. Como é lóxico, o programa de Desenvolvemento e perfeccionamento profesional é o que acubilla a maior parte delas (184).

Trátase dun documento vivo, que se vai ver sometido a modificacións de diversa índole.

As accións preséntanse organizadas por programas e colectivos destinatarios, e, secundariamente, por áreas temáticas e itinerarios formativos. Así mesmo, achegan información sobre o trimestre en que se agarda poder convocalas e desenvolvealas.

O custo estimado da docencia do Plan de Formación 2025 é de 129.955€ (sen contar con axudas de custo).

	Nº de cursos	Nº de horas	Custo estimado
Acollida PDI	18	126	8.735€
Acollida PTXAS	5	18	340€
DPP PDI-PI	84	924	54.320€
DPP PTXAS	90	822	52.400€
Dirección e liderado*	3	312	8.080€
Innovación	1	12	960€
Formación de formadores	1	20	1.600€
Estabilización e promoción	5		2.720€
Teletraballo	5	17	800€
<b>TOTAL</b>	<b>211</b>	<b>2.230</b>	<b>129.955€</b>

\*Reflicítese só a metade do custo do curso sobre a función directiva na USC, de 300 horas, dado que se vai estender tanto no ano 2025 coma no 2026.

A execución do Plan de Formación e, sobranceiramente, o referido a convocatorias, requisitos de participación, selección das persoas participantes, avaliación, recoñecemento e rexistro da formación, responderá ao establecido no Regulamento do Centro de Formación de Persoal, na Instrución da Xerencia VI/2024, de desenvolvemento do procedemento para a participación do persoal da USC en actividades formativas xestionadas polo Centro de Formación de Persoal, e na Instrución I/2025 da Xerencia sobre retribucións por colaboración en actividades formativas

do Centro de Formación de Persoal da USC, documentos todos eles consultables en <https://www.usc.gal/gl/institucional/goberno/area/xestionpersoal/formacion/documentacion>

## I. PROGRAMA DE ACOLLIDA

### A. ACOLLIDA DO PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR

Area temática	Título do curso	Trimestre
Principios e valores	Formación básica en sensibilización en materia de igualdade	4
Principios e valores	Formación básica en atención á diversidade na docencia universitaria	4
Organización e funcionamento	Formación básica en organización e goberno da USC	4
Organización e funcionamento	Formación básica en dereitos e deberes do PDI na USC	4
Organización e funcionamento	Formación básica en servizos e xestións para o PDI na USC	4
Organización e funcionamento	Formación básica en planificación e procedementos da docencia na USC	4
TIC e dixitalización	Formación básica en Microsoft Office 365 para o uso do PDI na USC	4
Prevenición de riscos laborais e coidado da saúde	Formación básica en prevención de riscos laborais para PDI	4
Comunicación	Técnicas de expresión oral e xestual: aplicación no ámbito académico	1-2
Ensino-aprendizaxe	Formación básica en dereitos de autoría, propiedade intelectual e ciencia aberta na docencia universitaria	1-2
Ensino-aprendizaxe	Formación básica en protección de datos na docencia universitaria	1-2
Ensino-aprendizaxe	A docencia no modelo universitario de ensino-aprendizaxe	1-2
Ensino-aprendizaxe	Planificación docente: das memorias dos plans de estudos ao programa	1-2
Ensino-aprendizaxe	O papel do clima de aula na docencia universitaria	1-2
Ensino-aprendizaxe	Introdución ás metodoloxías innovadoras na educación universitaria	1-2
Ensino-aprendizaxe	Como deseñar actividades de aprendizaxe	1-2
Ensino-aprendizaxe	A acción tutorial como función docente na USC	1-2
Ensino-aprendizaxe	Estratexias de avaliación na docencia universitaria	1-2

Total horas: 126

### B. ACOLLIDA DO PERSOAL TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN, XESTIÓN E SERVIZOS

Area temática	Título do curso	Trimestre
TIC e dixitalización	Nocións básicas de Microsoft Office 365 para o uso na USC	2-4



Prevenção de riscos laborais e coidado da saúde	Formación básica en prevención de riscos laborais para PTXAS	2-4
Principios e valores	Formación básica en sensibilización en materia de igualdade	2-4
Organización e funcionamento da USC	Formación básica en servizos e xestións para o PTXAS na USC	2-4
Organización e funcionamento da USC	Formación básica en dereitos e deberes do PTXAS na USC	2-4

Total horas: 18

## II. PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO E PERFECCIONAMENTO PROFESIONAL

### A. PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR, PERSOAL INVESTIGADOR

Área temática	Itinerario	Título do curso	Trimestre
Comunicación	Linguas e habilidades comunicativas	Habilidades comunicativas para a docencia	2
Comunicación	Linguas e habilidades comunicativas	Curso práctico de comunicación de The Conversation para o persoal investigador da USC	4
Comunicación	I+D+I, transferencia e emprendemento	Webs e redes sociais para a comunicación e posicionamento de grupos e estruturas de investigación	4
Comunicación	Linguas e habilidades comunicativas	Publicacións dixitais profesionais: deseño, autoedición, maquetación e diagramación con Scribus	3
Comunicación	Linguas e habilidades comunicativas	Comunicación desde os centros	2
Ensino-aprendizaxe e xestión do coñecemento	Mellora e innovación docente	Aprendizaxe activa en grupos numerosos	1
Ensino-aprendizaxe e xestión do coñecemento	Mellora e innovación docente	Aprendizaxe apoiada en gamificación	2
Ensino-aprendizaxe e xestión do coñecemento	Mellora e innovación docente	Design Thinking como metodoloxía para a aprendizaxe baseada en proxectos	2
Ensino-aprendizaxe e xestión do coñecemento	Mellora e innovación docente	Aprendizaxe colaborativa na Universidade	3
Ensino-aprendizaxe e xestión do coñecemento	Mellora e innovación docente	Introdución á ApS na Universidade	2
Ensino-aprendizaxe e xestión do coñecemento	Mellora e innovación docente	Analítica da aprendizaxe do alumnado nas plataformas dixitais	1
Ensino-aprendizaxe e xestión do coñecemento	Mellora e innovación docente	As rúbricas como instrumento de avaliación formativa na educación superior	1
Ensino-aprendizaxe e xestión do coñecemento	Mellora e innovación docente	Tipos de agrupamento, métodos de ensino e organización de actividades de ensino-aprendizaxe (3ª)	2
Ensino-aprendizaxe e xestión do coñecemento	Mellora e innovación docente	As rúbricas como instrumento de avaliación formativa na educación superior	1
Ensino-aprendizaxe e xestión do coñecemento	Mellora e innovación docente	Como traballar as competencias relacionadas coa comprensión de textos científicos e a organización do estudo	4
Ensino-aprendizaxe e xestión do coñecemento	Mellora e innovación docente	Estratexias pedagóxicas e didácticas para o desenvolvemento competencial das prácticas clínicas nos graos de Ciencias da Saúde	2

Ensino-aprendizaxe e xestión do coñecemento	Mellora e innovación docente	Obradoiro de elaboración de unidades didácticas en galego	2
Ensino-aprendizaxe e xestión do coñecemento	Transformación dixital da docencia	Obradoiro básico para a planificación da formación virtual	1
Ensino-aprendizaxe e xestión do coñecemento	Transformación dixital da docencia	Curso básico en ferramentas de apoio á docencia híbrida e virtual: Campus Virtual e Microsoft 365	3
Ensino-aprendizaxe e xestión do coñecemento	Transformación dixital da docencia	Deseño e creación de actividades virtuais para unha aprendizaxe activa	2
Ensino-aprendizaxe e xestión do coñecemento	Transformación dixital da docencia	Curso básico en ferramentas de creación de contidos	2
Ensino-aprendizaxe e xestión do coñecemento	Transformación dixital da docencia	Deseño e produción de obxectos en realidade aumentada	2
Ensino-aprendizaxe e xestión do coñecemento	Transformación dixital da docencia	Comprensión e manexo da ferramenta anti-plaxio Turnitin	1 e 4
Ensino-aprendizaxe e xestión do coñecemento	Transformación dixital da docencia	Creación de infografías e deseños vectoriais	2
Ensino-aprendizaxe e xestión do coñecemento	Transformación dixital da docencia	Creación e tratamento de imaxes e fotografías con GIMP	3
Ensino-aprendizaxe e xestión do coñecemento	Transformación dixital da docencia	Obradoiro de elaboración de vídeos didácticos e de divulgación	2
Ensino-aprendizaxe e xestión do coñecemento	Transformación dixital da docencia	Creación de contidos interactivos con H5P no Campus Virtual	2
Internacionalización e mobilidade	Linguas e habilidades comunicativas	Deseño dun proxecto COIL	1
Investigación	I+D+I, transferencia e emprendemento	A carreira investigadora: como formular propostas de investigación en convocatorias predoutorais e posdoutorais	2
Investigación	I+D+I, transferencia e emprendemento	A carreira investigadora: como formular e executar proxectos europeos con éxito	2
Investigación	I+D+I, transferencia e emprendemento	Como publicar en revistas científicas de impacto	4
Investigación	I+D+I, transferencia e emprendemento	Da investigación ao impacto: Innovación, transferencia e emprendemento	3
Investigación	I+D+I, transferencia e emprendemento	Técnicas de investigación con datos non experimentais	4
Investigación	I+D+I, transferencia e emprendemento	Desenvolvemento e validación de cuestionarios: conceptos e aplicacións	3
Linguas	Linguas e habilidades comunicativas	Docencia en inglés 1	1
Linguas	Linguas e habilidades comunicativas	Conversa en inglés (nivel intermedio)	2
Linguas	Linguas e habilidades comunicativas	Conversa en inglés (nivel avanzado)	1
Linguas	Linguas e habilidades comunicativas	Galego seguro: solución de dúbidas na escrita	4
Mellora da calidade	Mellora e innovación docente	Bucles de garantía da calidade no ensino e a avaliación	4
Mellora da calidade	I+D+I, transferencia e emprendemento	Indicios de calidade na produción científica	4
Organización e funcionamento da USC		Propiedade intelectual e persoal docente universitario	3

Planificación e xestión		Regulamento en materia de recoñecemento e transferencia de créditos para os estudos oficiais de grao e mestrado	1
Prevenición de riscos laborais e coidado da saúde		Curso básico sobre mediación	1
Prevenición de riscos laborais e coidado da saúde		A convivencia na USC. O Protocolo de actuación fronte ao acoso psicolóxico, a violencia psicolóxica e outras situacións de conflito relacional no traballo	1
Prevenición de riscos laborais e coidado da saúde		Como xestionar situacións de risco psicolóxico do alumnado nas aulas	4
Prevenición de riscos laborais e coidado da saúde		Uso profesional da voz	4
Prevenición de riscos laborais e coidado da saúde		Educación da voz: prevención de patoloxías vocais en docentes	4
Prevenición de riscos laborais e coidado da saúde		Obradoiro de control do estrés	1
Prevenición de riscos laborais e coidado da saúde		Prevenición de riscos laborais en postos de oficina	4
Prevenición de riscos laborais e coidado da saúde	I+D+I, transferencia e emprendemento	Prevenición de riscos en almacenamento e manipulación de produtos químicos	2
Prevenición de riscos laborais e coidado da saúde	I+D+I, transferencia e emprendemento	Seguridade no traballo en laboratorios	1
Prevenición de riscos laborais e coidado da saúde	I+D+I, transferencia e emprendemento	Curso básico de protección radiolóxica	4
Principios e valores		A igualdade de xénero na USC: diagnose e ferramentas	1
Principios e valores		Estratexias e ferramentas para a implementación do plan de igualdade	4
Principios e valores		Afondando no Protocolo de acoso sexual e acoso por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero na USC. Achegamento, análise, reflexións	2
Principios e valores		Xestión das nosas vidas. Conciliación na USC	3
Principios e valores	I+D+I, transferencia e emprendemento	A perspectiva de xénero na investigación	4
Principios e valores		Cambios de nome e de mención relativa ao sexo na USC: teoría e aplicacións	2
Principios e valores		Introdución da perspectiva LGBTI e queer en docencia e investigación	2
Principios e valores	Mellora e innovación docente	Como introducir os ODS na docencia universitaria	4
Principios e valores		Curso básico de introdución á ética pública: valores, resolución de conflitos e prevención	4
Principios e valores		Curso intermedio en ética e valores no ámbito público: marco normativo, resolución de conflitos e prevención	4
Principios e valores	I+D+I, transferencia e emprendemento	Ética para a investigación	2
Principios e valores		Dereitos e deberes lingüísticos na USC. O regulamento de usos lingüísticos	1

Principios e valores	Mellora e innovación docente	Obradoiro de xestión do multilingüismo nas aulas	2
Principios e valores	Mellora e innovación docente	Inclusión educativa no ensino universitario: metodoloxía didáctica e avaliación das persoas con discapacidade e/ou necesidades específicas de apoio educativo. As actividades do SEPIU	1
Seguridade e protección de datos	I+D+I, transferencia e emprendemento	Protección de datos e investigación	2
Seguridade e protección de datos	Mellora e innovación docente	Protección de datos e a docencia universitaria: entre a nova normativa e as esixencias prácticas	1
Seguridade e protección de datos	Mellora e innovación docente	Protección de datos e IA na docencia e na investigación	4
TIC e dixitalización	Transformación dixital da docencia	Uso de grupos e seguimento de estudantes no Campus Virtual	1
TIC e dixitalización	Transformación dixital da docencia	Avaliación de tarefas no Campus Virtual: uso de rúbricas e guías de avaliación	2
TIC e dixitalización	Transformación dixital da docencia	Uso das cualificacións no Campus Virtual	4
TIC e dixitalización	Transformación dixital da docencia	Xestión de documentos na nube con grupos de M365, OneDrive	3
TIC e dixitalización	Transformación dixital da docencia	SharePoint como soporte ao traballo de unidades académicas e de investigación da USC	4
TIC e dixitalización	Transformación dixital da docencia	Excel básico	4
TIC e dixitalización	Transformación dixital da docencia	LibreOffice Calc avanzado	3
TIC e dixitalización	I+D+I, transferencia e emprendemento	Análise estatística con RCommander	2
TIC e dixitalización	I+D+I, transferencia e emprendemento	AQUAD, análise cualitativa de datos	2
TIC e dixitalización	I+D+I, transferencia e emprendemento	Introdución a Python	2
TIC e dixitalización	I+D+I, transferencia e emprendemento	Introdución ao modelado poligonal con Blender 3D	4
TIC e dixitalización	I+D+I, transferencia e emprendemento	Xestión de eventos científicos a través de Microsoft Teams	1
TIC e dixitalización	Mellora e innovación docente	Intelixencia artificial e ensino-aprendizaxe na educación superior	2
TIC e dixitalización	Transformación dixital da docencia	Introdución á Intelixencia Artificial Xerativa e ChatGPT	2
Xestión da información e a documentación	I+D+I, transferencia e emprendemento	Competencias en información para a docencia e a investigación	2 e 4
Xestión da información e a documentación	I+D+I, transferencia e emprendemento	Boas prácticas en ciencia aberta	1
Xestión da información e a documentación	I+D+I, transferencia e emprendemento	Mergullándonos en Minerva	2

**B. PERSOAL TÉCNICO DE XESTIÓN, ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS**

Área temática	Itinerario	Título do curso	Trimestre
Axudas e servizos	Itinerarios específicos	Aspectos editoriais da propiedade intelectual	2
Axudas e servizos	Itinerarios específicos	Formación permanente en impresión baixo demanda	3
Axudas e servizos	Itinerarios específicos	Recursos educativos para o tratamento da agresividade e a frustración infantil 0-3 anos	2
Axudas e servizos	Servizos á comunidade universitaria	Xestión da información tributaria para a xestión de axudas	1
Axudas e servizos	Servizos á comunidade universitaria	Xestión do correo postal na USC	1
Comunicación		Comunicación desde os centros	2
Comunicación		Comunicación mediante as redes sociais: os contidos	2
Comunicación	Apoio á investigación	Redes sociais para a transferencia do coñecemento nas universidades	3
Comunicación		Trucos e boas prácticas na elaboración de documentos dixitais	3
Infraestruturas e enerxía	Itinerarios específicos	Actualización de coñecementos do Código Técnico da Edificación	2
Infraestruturas e enerxía	Itinerarios específicos	Modelado de Información de Construción (BIM, Building Information Modelling)	4
Infraestruturas e enerxía	Itinerarios específicos	Manexo de Dorlet desde os PAI	2
Infraestruturas e enerxía	Itinerarios específicos	Cerrallaría	3
Infraestruturas e enerxía	Itinerarios específicos	Manexo de maquinaria de xardinaría e poda en altura	4
Internacionalización e mobilidade		Curso de competencias e habilidades interculturais	2
Investigación	Apoio á investigación	Barreiras e control sanitario no sistema acuático de peixes. Toma de mostras e protocolos de limpeza e desinfección	2
Investigación	Apoio á investigación	Ferramentas avanzadas para a xestión e análise de datos de metabolómica	4
Investigación	Apoio á investigación	Técnicas básicas de bioquímica	4
Investigación	Apoio á investigación	Cultivos celulares	4
Linguas	Itinerarios específicos	Formación sobre o traballo na aula e a avaliación da destreza de mediación	3
Linguas	Planificación e xestión académica	Inglés para a xestión académica	1
Linguas	Servizos á comunidade universitaria	Inglés para a atención ao público universitario	2
Linguas	Planificación e xestión académica	Conversa en inglés, nivel intermedio	2
Linguas		Galego Seguro: soluciona as túas dúbidas e erros máis comúns	2

Linguas		Ferramentas informáticas para a mellora da calidade lingüística (O teu ordenador ensinache lingua?)	3
Mellora da calidade	Planificación e xestión	Elaboración de procedementos e outros documentos dun sistema de xestión orientado ás persoas usuarias. Obradoiro práctico	4
Mellora da calidade		Deseño e análise de enquisas para a mellora da calidade	4
Organización e funcionamento da USC		Modelos de documentos administrativos na USC	4
Organización e funcionamento da USC		Curso básico de protocolo universitario e organización de eventos	3
Planificación e organización do traballo	Planificación e xestión económica	O traballo en equipo. Como crealos e reforzar a súa cohesión	2
Planificación e organización do traballo		Planificación e organización do traballo	3
Planificación e xestión	Planificación e xestión académica	Curso básico en xestión académica	2
Planificación e xestión	Planificación e xestión académica	Xestión académica (I). Titulacións oficiais: Regulación, procedementos e planificación académica	2
Planificación e xestión	Planificación e xestión académica	Regulamento en materia de recoñecemento e transferencia de créditos para os estudos oficiais de grao e mestrado	1
Planificación e xestión	Planificación e xestión académica	Xestións académicas relacionadas coas titulacións de sistemas educativos estranxeiros	1
Planificación e xestión	Planificación e xestión económica	Curso práctico en xestión orzamentaria: tramitación do gasto, facturación emitida pola USC e IVE	1
Planificación e xestión	Planificación e xestión económica	Curso básico sobre contratación pública na USC	2
Planificación e xestión	Planificación e xestión económica	Introdución a Access e Excel para a Área Económica	2
Planificación e xestión	Planificación e xestión de persoal	Xestión laboral do persoal investigador	2
Planificación e xestión	Planificación e xestión de persoal	Xeración de informes na aplicación de xestión do persoal Universitas XXI	2
Prevenção de riscos laborais e coidado da saúde	I+D+I, transferencia e emprendemento	Seguridade no traballo en laboratorios	1
Prevenção de riscos laborais e coidado da saúde	Apoio á investigación	Prevenção de riscos en almacenamento e manipulación de produtos químicos	2
Prevenção de riscos laborais e coidado da saúde	Apoio á investigación	Xestión de residuos e residuos químicos	3
Prevenção de riscos laborais e coidado da saúde	Apoio á investigación	Clasificación de produtos de laboratorio canceríxenos, mutáxenos e tóxicos para a reprodución	4
Prevenção de riscos laborais e coidado da saúde	Apoio á investigación	Prevenção de riscos en postos de oficina	4
Prevenção de riscos laborais e coidado da saúde	Apoio á investigación	Curso básico de protección radiolóxica	4
Prevenção de riscos laborais e coidado da saúde	Servizos á comunidade universitaria	Soporte vital básico e manexo do desfibrilador	2
Prevenção de riscos laborais e coidado da saúde	Servizos á comunidade universitaria	Curso de manexo de extintores	4

Prevenición de riscos laborais e coidado da saúde		A convivencia na USC. O Protocolo de actuación fronte ao acoso psicolóxico, a violencia psicolóxica e outras situacións de conflito relacional no traballo	1
Prevenición de riscos laborais e coidado da saúde		Curso básico sobre mediación	1
Principios e valores		Dereitos e deberes lingüísticos na USC. O Regulamento de Usos Lingüísticos	1 e 4
Principios e valores		Como inserir os ODS na xestión universitaria	4
Principios e valores		Inclusión e acción: boas prácticas e recursos para o trato con alumnado con discapacidade ou necesidades específicas de apoio educativo	2
Principios e valores		A igualdade de xénero na USC: diagnose e ferramentas	1
Principios e valores		Estratexias e ferramentas para a implementación do plan de igualdade	4
Principios e valores		Protocolo de actuación fronte ás violencias sexuais e o acoso por razón de sexo, orientación sexual e identidade ou expresión de xénero na USC	2
Principios e valores		Xestión das nosas vidas. Conciliación na USC	3
Principios e valores		Curso básico de introdución á ética pública: valores, resolución de conflitos e prevención	4
Principios e valores		Curso intermedio en ética e valores no ámbito público: marco normativo, resolución de conflitos e prevención	4
Seguridade e protección de datos		Usando os nosos ordenadores con seguridade	2 e 4
Seguridade e protección de datos		O Esquema Nacional de Seguridade e a súa aplicación na USC	4
Seguridade e protección de datos		Curso de introdución á protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais	1
Seguridade e protección de datos	Planificación e xestión académica	Curso de protección de datos persoais para a xestión nos centros de ensino universitario	2
TIC e dixitalización		Xestión de equipos e reunións en liña con Microsoft Teams	2
TIC e dixitalización		Enquisas e exames con Microsoft Forms	2
TIC e dixitalización		Xestión de tarefas e plans de traballo co ToDo, Planner e Calendario de Microsoft 365	3
TIC e dixitalización		Xestión da comunicación con Outlook	4
TIC e dixitalización		Xestión de documentos na nube con grupos de M365, OneDrive	4
TIC e dixitalización		SharePoint como soporte ao traballo de unidades e servizos da USC	
TIC e dixitalización		Excel básico	4
TIC e dixitalización		LibreOffice Calc Avanzado	3
TIC e dixitalización	Apoio á investigación	Introdución a Python para o cálculo científico e técnico de datos de investigación	2
TIC e dixitalización		Microsoft Power Excel® con Power Query, Power Pivot e DAX	2

TIC e dixitalización		Xestión da web e da intranet de centros, departamentos, unidades e servizos. O xestor web	2 e 4
TIC e dixitalización	Apoio á investigación	Obradoiro de IA en métodos cualitativos e cuantitativos de apoio á investigación	3
TIC e dixitalización	Apoio á investigación	Introdución a GNU Octave	2
TIC e dixitalización		Creación de infografías e deseños vectoriais	2
TIC e dixitalización		Creación e tratamento de imaxes e fotografías con GIMP	3
TIC e dixitalización	Apoio á investigación	Principios básicos de sistemas baseados en Arduino	2
TIC e dixitalización	Apoio á investigación	Introdución aos autómatas programables (PLC)	2
TIC e dixitalización	Itinerarios específicos	Gravación con cámaras de cine	1
TIC e dixitalización	Itinerarios específicos	Curso de Iluminación DMX	2
TIC e dixitalización	Itinerarios específicos	Xestión de aplicacións web Java na USC	1
TIC e dixitalización	Itinerarios específicos	Administración de Directorio Activo de Microsoft	2
TIC e dixitalización	Itinerarios específicos	Azure Devops e manexo avanzado de GIT	4
TIC e dixitalización	Planificación e xestión académica	Curso básico sobre XesCampus	3
TIC e dixitalización	Planificación e xestión	Obradoiro práctico de Excel para a xestión	4
TIC e dixitalización	Planificación e xestión	Obradoiro de IA para a xestión universitaria	4
Xestión da información e a documentación	Bibliotecas e arquivos	Ciencia aberta: curso básico para persoal da BUSC/Persoal da Area de I+D+I	2
Xestión da información e a documentación	Bibliotecas e arquivos	Mergullámonos en Minerva	1
Xestión da información e a documentación	Bibliotecas e arquivos	Revisión sistemática da literatura e análise bibliométrica con VOSViewer	2
Xestión da información e a documentación		A xestión documental na USC	2
Xestión da información e a documentación		Competencias informacionais para o PTXAS	2
Xestión da información e a documentación	Bibliotecas e arquivos	Curso de catalogación básica en Alma	4

### III. PROGRAMA DE DIRECCIÓN E LIDERADO

Título do curso	Horas	Trimestre
Curso introdutorio sobre a función directiva para cargos académicos (3ª ed.)	12	4
Curso introdutorio sobre a función directiva para responsables de centros de investigación (1ª ed.)	12	2



II Curso de formación sobre a función directiva na USC	300	3 – 4 – 1 (2026)
--	-----	---------------------

#### IV. PROGRAMA DE INNOVACIÓN

Itinerario	Título do curso	Observacións	Trimestre
Planificación e xestión económica	Construír desde a nosa experiencia. Como constituír unha comunidade de aprendizaxe	Para PTXAS	2
	Experiencias de acompañamento / mentoraxe	Para PTXAS. Sen recoñecemento para a persoa formada nin remuneración económica para as persoas formadoras	

#### V. PROGRAMA DE FORMACIÓN DE FORMADORES/AS

Area temática	Título do curso	Observacións	Trimestre
Ensino-aprendizaxe e xestión do coñecemento	Curso básico para a creación de actividades de autoformación: guía docente, modelos de documentos, ferramentas e recursos, Campus Virtual	Para PTXAS. Persoal a que se lle encargue actividades de autoformación	2

#### VI. PROGRAMA DE ESTABILIZACION E PROMOCIÓN (PREVISIÓN)

Tipo de acción formativa	Tipo de persoal	Categoría laboral
Apoio formativo	Laboral	Auxiliar técnico de servizos
Apoio formativo	Funcionario	Técnico/a superior de administración
Apoio formativo	Funcionario	Auxiliar de arquivos, bibliotecas e museos
Apoio formativo	Funcionario	Técnico/a de xestión
Curso selectivo	Funcionario	Técnico/a superior de administración, especialidades económica e de xestión

#### VII. PROGRAMA DE TELETRABALLO

Area temática	Título do curso	Modalidade
Planificación e organización do traballo	Supervisar o traballo	Autoformación
Comunicación	Comunicación eficaz no teletraballo	Autoformación
Seguridade e protección de datos	Seguridade da información	Autoformación
Prevenção de riscos laborais e coidado da saúde	Prevenção de riscos no teletraballo	Autoformación
TIC e dixitalización	Xestión de tarefas e plans de traballo en equipo con Microsoft 365	Telepresencial

Total horas: 17